

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO  
PLENO EN DATA 27 DE ABRIL DE 2007.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Xosé María Rivera Arnosó.

**Asistentes:**

D. Xosé María Permuy Martínez.  
D. Andrés González Vizoso.  
D<sup>a</sup> Alicia Martínez González.  
D. Xosé Anxo González Tomé.  
D. Manuel V. Pico Sanmartín.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido.  
D. José Iván Puentes Rivera.  
D. Manuel A. Rodríguez Carballeira.  
D<sup>a</sup> Carmen Goti Ramil.  
D. Carlos García Bermúdez.  
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Blanco Pico.  
D<sup>a</sup> Elvira Amado López.  
D<sup>a</sup> Amalia Malvar Fernández.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as trece horas do día vinte e sete de Abril de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona M<sup>a</sup> Isabel Blanco Pico, Dona Elvira Amado López, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Non asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria D<sup>a</sup> María del Pilar Acebes Ruano, secretaria accidental do Concello, que da fe do acto.

**Interventora:**

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Acebes Ruano.  
Secretaria accidental.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**1º.- DECLARA-LA URXENCIA DA CONVOCATORIA.-** Polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da convocatoria que segundo consta na convocatoria efectuada polo Sr. Alcalde, ven motivada pola necesidade de remitir á Deputación provincial o día 30/04/07 a documentación relativa ao PCP 2007. O Pleno da Corporación acorda por unanimidade estima-la urxencia da convocatoria.

**“2º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, VIVENDA E MEDIO AMBIENTE SOBRE PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007.-**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria de data 26 de Abril de 2007 que transcrito di:

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 26 de Abril de 2007 que transcrita di:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

Vista a Circular para elaborar o Plan de Cooperación Provincial (PCP) 2007 remitida pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña ( entrada 30-03-2006 núm. rexistro 2716), no que tamén indican que a data límite para a presentación de proxectos e acordos remata o 30 de Abril de 2007.

Vistos os proxectos técnicos das obras redactados polo Enxeñeiro de Camiños Don Marcelino López Méndez:

- PROXECTOS PAVIMENTACIÓNS E DOTACIÓNS DE SERVIZOS EN PARROQUIAS DE FENE 2007.
- PROXECTO CONSTRUCTIVO EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NO CAMIÑO DAS CHANCAS.

PROPONSE A O PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO.

1º.- Aprobar o **PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no PCO 2007, de acordo co financiamento que se indica:

<b>Denominación do investimento</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento</b>
PROXECTO PAVIMENTACIÓNS E DOTACIONÓN DE SERVIZOS EN PARROQUIAS DE FENE 2007.	185.812,34	-----	<b>185.812,34</b>
PROXECTO CONSTRUCTIVO EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NO CAMIÑO DAS CHANCAS.	94.328,89	55.836,54	<b>150.165,43</b>
TOTAL	280.141,23	55.836,54	<b>335.977,77</b>

2º.- Aprobar os proxectos dos investimentos incluídos na anualidade 2007 que se relacionan no punto anterior.

3º.- Aprobar o Plan complementario do ano 2007 no que se inclúen os investimentos que a continuación se indican, para ser financiados cos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación dos investimentos ou pola súa anulación, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan:

<b>Denominación do investimento</b>	<b>Orzamento</b>
PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO PUNXEIRO (MAGALOFES)	<b>42.377,19</b>

4º.- Adoptar o compromiso de realizar as actuacións pertinentes en orde a obte-la total dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras así como para obter as conce3sións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5º.- No caso de existir achega municipal, comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2007 os fondos necesarios para facer frente á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2007.

6º.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución dos investimentos incluídos no plan, que se entenderá aceptada si ésta se produce efectivamente.

7º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello estea ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.-Facultar expresamente ao Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate, polo Sr. Presidente sométese a proposta a votación ordinaria a cal resulta aprobada por unanimidade e en consecuencia propoñer ao pleno do Concello a súa aprobación.”

Vista a nota informativa de Secretaría de data 27 de Abril de 2007 que transcrita di:

#### **“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA**

Téndose incluído na orde do día da sesión extraordinaria urxente convocada polo Sr. Alcalde-Presidente a celebrar polo Pleno do Concello no día da data o asunto relativo ao Plan de cooperación Provincial (PCP) 2007, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por esta Secretaría fánse as seguintes observacións:

#### **CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS**

Con carácter previo ao que se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o exame do expediente, (proxectos que se entregan na secretaría no día de onte, sen que á data de hoxe se teñan entregados os informes correspondentes do enxeñeiro de camiños municipal a emitir previamente á súa aprobación) o que impide facer unhas consideracións axeitadas , polo que estas poden ser ulteriormente ampliadas e/ ou matizadas.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa unha (1) plana . A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para o seu exame requiren un exame máis coidado, polo que as consideracións feitas poden ser ulteriormente ampliadas ou matizadas nun informe emitido de acordo có que dispón a normativa de aplicación.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen unha vez concedido, manifesta que se trata de aprobar o Plan de Cooperación Provincial, que se trata dun plan que sacou a Deputación, o cal é de agradecer polas economías dos Concellos, ten unha diferenza substancial co POS que non había que poñerlle cantidade algunha, e neste caso vaise facer unha achega de cincuenta e cinco mil euros, dos 288 mil que da a Deputación para este Plan o Concello vai poñer 55 mil pola importancia das obras como é o camiño das Chancas, unha obra importantísimo que como se pode ver se foi o orzamento ata os 150 mil euros pola magnitude da mesma e tamén a importancia dunha fase xa moi completa que se lle vai meter de novo á reurbanización da Avda. da Cooperación de San Valentín, que o resto dos cartos repartíronse nas parroquias e algunhas das obras que tódos tiñamos en mente non puideron entrar porque os cartos non deron para mais, esto foi o que se conseguiu con estes cartos e é o que se vai inverter.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen unha vez concedido manifesta o grupo socialista están de acordo, pero é certo que o plan da Deputación saíu hai pouco e non da tempo nin a redactar os proxectos, o que si plantexaron onte na Comisión e que replantexan hoxe aquí é que en todo caso independentemente diso, o propio enxeñeiro faga unha valoración aínda que a faga a posteriori por si nalgún momento hai algún tema que incorporar ao orzamento, cre que como práctica xa que saben que as administracións non cambian, seguramente o bo, adiantándose aos acontecementos, o propio Concello vaia redactando, independentemente incluso dos compromisos das administracións, proxectos do propio programa de actuación do plan xeral, para que nun momento dado non exista esta improvisación senón que estemos á mercé do que outra administración nos diga ou financie senón que a propia corporación teña redactados os proxectos que logo váianse sacando.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen unha vez concedido manifesta que o Partido Popular vai votar a favor destas obras xa que nunca vota en contra dunhas obras que favorezan aos veciños, non obstante volve a insistir en que non se poden traer ao pleno temas importantes sen os correspondentes informes técnicos, xa que non se pode tomar unha decisión adecuada e lles priva de saber o que opinan os técnicos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que están de acordo e sinala que sería necesario que se fagan os informes técnicos.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido sinala que non houbo tempo material a facer o informe técnico, non obstante comprometeuse na Comisión e o volve a facer agora que o informe o van ter igual porque si houbera que cambiar calquera cousa que houbera que modificar non pasaba nada pois se podería facer un modificado durante o tempo que habería ata que se adxudicara a obra. En canto a ter os proxectos feitos é un pouco relativo porque os proxectos custan moitos cartos, o que se podería facer, non é momento agora de falalo, pero poderíase neste tipo de obras facer un plan de actuacións municipais a catro anos e neses catro anos ter os proxectos feitos e ir sacándoos nas sucesivas obras, agora que ter os proxectos feitos antes de aprobar as obras é moi complicado porque repite que os proxectos custan moitos cartos, e si un proxecto non se usa mais ou menos nun ano xa hai que refacer prezos e ao final gastanse moitísimo cartos.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese o ditame a votación ordinaria sendo aprobada por unanimidade.

En consecuencia, a Corporación Municipal por unanimidade acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria de data 26 de Abril de 2006 anteriormente transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e dez minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

A secretaria acctal.,

O Alcalde-presidente,

Asdo. Xosé M<sup>a</sup> Rivera Arroso.

Asdo.: M<sup>a</sup> del Pilar Acebes Ruano.